

# II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CONVIVENCIA E IGUALDADE IES SOFÍA CASANOVA:

**OBXECTIVO:** observar na cotiandade aspectos relacionados co fomento da convivencia e a igualdade.

**TEMA DAS FOTOGRAFÍAS:** ten que estar relacionado coa convivencia e a igualdade, e esta relación debe quedar clara tanto no contido da imaxe como no seu título.

**QUEN PODE PARTICIPAR?:** Todo o alumnado do IES Sofía Casanova.

**PRESENTACIÓN:** As fotografías enviaranse por correo electrónico á seguinte dirección: [orientacionsofiacasanova@gmail.com](mailto:orientacionsofiacasanova@gmail.com).

Neste correo indicárase:

**Nivel de participación:** ALUMNADO DE 1º CICLO DE ESO, DE 2º CICLO OU DE BACHARELATO. O alumnado indicará tamén **curso e grupo**.

**Asunto da mensaxe:** CONCURSO FOTOGRÁFICO + nome e apelidos do participante.

As fotografías deben ser ORIXINAIS, cada unha con título e nome e apelidos do/a alumno/a ou participante, e pódense enviar varios correos ata o 30 de abril (incluído).

**PREMIOS:** O concurso convócase en catro niveis:

- Primeiro nivel: alumnado de 1º e 2º de ESO.
- Segundo nivel: alumnado de 3º e 4º de ESO.
- Terceiro nivel: alumnado de Bacharelato.
- Cuarto nivel: resto da comunidade educativa.

Concederáse un premio por cada nivel. Os premios consistirán en vales-regalo (só para o alumnado participante) e a exposición tanto no propio centro como na súa Web da fotografía premiada.

**PRAZO:** O prazo de presentación finaliza o **30 de abril**.

**XURADO:** Formado polos membros do Departamento de Orientación. Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, o seu contido e a calidade artística e técnica da imaxe.

**USO DAS IMAXES:**

- O Departamento resérvase o dereito a utilizar as fotografías presentadas para uso didáctico.
- As fotos premiadas serán publicadas na Web do IES Sofía Casanova.
- As fotografías participantes poderán ser mostradas en exposición fotográfica no IES Sofía Casanova.
- As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso aceptaranse fotos descargadas de Internet, nin dixitalizadas de ningún tipo de medio gráfico.